


Programa de educación financeira e  
fomento do espírito emprendedor para  
estudantes de educación primaria  
e secundaria



Dende o 6 de febreiro  
ata o 29 de maio



Organizan:



Colaboran:



# NENOS EMPRENDEDORES

A imaxinación dos nenos e nenas non ten fronteiras: dentro de cada un deles hai un emprendedor nato capaz de desenvolver unha idea e poñela en funcionamento.

O noso obxectivo é proporcionar as ferramentas necesarias para espertar ese espírito emprendedor e potenciar o seu talento.

A través do xogo, potenciamos as competencias que ten todo emprendedor de éxito: creatividade, sociabilidade, capacidade de aprendizaxe, paixón e perseveranza. Ademais, os alumnos traballarán conceptos sobre economía e finanzas que lles axudarán a descubrir aspectos da súa vida cotiá:

- *Gastos e ingresos*
- *Conta bancaria*
- *Préstamo*
- *Consumo responsable e sostible*
- *Aforro*

O Concello das Pontes propón a seguinte actividade totalmente gratuíta para nenos/as de primaria e secundaria.

A actividade realizarase todos os martes na Biblioteca Municipal Enrique Rivera Rouco. Dando comezo o 6 de febreiro ata o 29 de maio. Horario de 17h a 18h para primaria e 18h a 19h para secundaria.

Inscrición aberta do 22 ao 31 de xaneiro no IPPEC na Casa do Concello.

